

O pronome persoal: pronome de solidariedade e dativo de interese

1. **O pronome de solidariedade** é unha forma do pronome átono de segunda persoa que se emprega cando se quere facer participar ao interlocutor (ou interlocutores) do que estamos a dicir, implicándoo afectivamente na acción expresada polo verbo. Empréganse só en contextos coloquiais da fala, de xeito opcional, non caso de o falante querer atraer a atención do oínte. A información que expresamos nunha oración non se ve alterada pola presenza ou ausencia do pronome de solidariedade. Distinguímolo dos outros pronomes en que, se o suprimimos, non se altera o sentido.

- **CHE VOS**
- **LLE LLES**

*Eu márcholle que levo présa
¡Estache boa a comida!
Évos unha boa cousa*

Cando nos diriximos a varios interlocutores e temos, polo tanto, que usar a forma de plural do pronome de solidariedade, pode aparecer tamén unha forma redundante singular:

Estáchevos boa a comida, Maruxa! Échevos unha boa cousa Non chevos sei nada.

Obsérvese que o pronome de **solidariedade singular** colócase antes do persoal de obxecto indirecto (*Roubároncheme o coche*, *Non che me roubaron o coche*) mentres que os pronomes de **solidariedade plural** colócanse despois do obxecto indirecto (*Roubáronmevos o coche*, *Non me lles roubaron o coche*)

2. **O dativo de interese** indica a persoa á que se refire o dano ou proveito da acción do verbo. Úsase na fala coloquial con outros pronomes. As súas formas son as formas átonas de CI (é compatible co CI e tamén co dativo de solidariedade, e como este último é suprimible da oración sen que se dean alteracións.

- **ME NOS**
- **CHE VOS**
- **LLE LLES**

*Meu fillo sacoume moi boas notas
O fillo non lle aprobou o carné de conducir
O neno non me estuda nada.*

OS PRONOMES REFLEXIVOS: Úsanse as formas reflexivas naquelas construcións con verbo transitivo nos que ocasionalmente coinciden o referendo do suxeito e o do obxecto o que equivale a dicir que o axente é asemade paciente. O suxeito é un ser animado que executa a acción sobre a súa persoa do mesmo xeito que podería executala sobre algo ou alguén externo a el.

Peiteeime/ peiteeno

O pronome reflexivo ten a función de complemento directo e non son posibles en galego construcións reflexivas nas que a acción se exerza unicamente sobre unha parte do suxeito

Lavei as mans e non *laveime as mans

Queime un dedo, e non *queimeime un dedo

Cómpre ter presente que na nosa lingua non existe o **se** como *reflexivo de interese* como se dá en castelán. Non se pode polo tanto dicir: *Comeuse unhas costelas fritas. *Lavouse os pés. Debe dicirse: Comeu unhas costelas fritas e Lavou os pés.

Verbos como *casar, caer, subir, quedar, sentar, etc* non son reflexivos, non deben levar pronomes:

*Queimeime a man: **Queime a man.**

*Subinme ó tellado: **Subín ó tellado.**

*Quedeime calado: **Quedei calado.**

*Séntate ben: **Senta ben.**

SINALA OS PRONOMES PERSOAIS E INDICA AS SÚAS FUNCIÓNS

a) *O médico ben que che me leva atendido.* *che: pronome de solidariedade*
me : dativo de interese

c) *morréuchelleme a cadelíña ao meu rapaz e estamos todos tristes na casa*
che: solidariedade; lle:CJ; me: dativo de interese

1. Non te me xuntas con el
2. Nunca che lle sucedeu outra igual
3. Quíxochenolo contar pero non llo permitimos.
4. Non me entre nese cuarto
5. Procura que os alumnos lle estean calados mentres dá a clase
6. Este neno échenos ben riquiño
7. Os reis trouxéronlles todo o que lles pedimos
8. Co frío que ía os ósos sufríronnos moito
9. Coa separación os fillos sufríronnos moito
10. Participarónche moitos no concurso?
11. Déronche moitos a redacción para o concurso?
12. Xa che nolo ten dito meu pai.
13. Nunca che nolo dixeron.
14. Os rapaces saíronlles moi lacazáns
15. Saídeme de aquí inmediatamente
16. Puxéronllenolo
17. Sempre volo mando certificado para que chegue
18. Conducinlle moi amodiño e axudeille a baixar
19. Cando lle nolos trouxeron non estabamos
20. Mandéichellelo a eles hai tempo
21. Fun falar con el e dixéroncheme que non estaba. Eu díxenche que non ía estar

SUBLIÑA TODOS OS PRONOMES PERSOAIS DO TEXTO

Eu non cho entendo: un tipo que teima en che pisar os talóns acaba por facerte adoecer. Tේñoche visto moitas cousas na vida pero nunca che vin cousa igual. Isto vino o outro día enriba da plataforma traseira do autobús. Eu atopábachelle o pescozo un pouco longo ao mozo ese, e tamén tan chusca esa especie de trenza que che levaba arredor do sombreiro. Eu nunca me atrevería a pasear cun sombreiro semellante. Pero éche como cho conto: despois de berrar contra outro viaxeiro que che lle pisaba os pés, foi sentar, e nada máis. Eu zoscaríachelle unha labazada ao que fose quen de me pisar. Haiche cousas curiosas na vida: dígocho eu. Ti non estiveches de acordo coa miña postura e acabaches aturando moitas tolerías. Un día dixerche: “Non lle me fagas isto a ningún compañeiro”

ENCHE OS OCOS CO PRONOME DE CD OU CI DE 2ª Pª NO LUGAR AXEITADO

- Pouco antes de _____ ir _____ o profesor _____ ía _____ sacar os apuntamentos e _____ mandar _____ para setembro.
- _____ ofrecin _____ o material necesario pero non imaxinei que _____ farían _____ falta aínda máis cousas para rematar o traballo; chámaos para que _____ traían _____ o que necesites para rematar.
- A compañeira de pupitre non _____ puido _____ dar _____ os resultados do problema, pero _____ explicou _____ o que non entendías e _____ dixo _____ como podías comezar; logo _____ preguntou _____ todo o que _____ explicara _____
- _____ dixeron _____ que _____ arranxases e prometeron _____ que _____ chamarían _____ ao pasaren por alí.
- Non _____ vin as secuelas que _____ quedaron despois do accidente. Seica _____ tiveron que operar e extirpar _____ o bazo.